



CERTIFICACIÓN

D. Francisco Javier Novoa Juiz, secretario/a do Concello de Vimianzo, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** o acordo que deseguido transcribo:

“ACORDO DO PLENO DO CONCELLO

O Pleno do Concello, en Sesión Ordinaria do venres 28 de xaneiro de 2022, aprobou o seguinte ACORDO:

“2º. Ditame sobre modificación do horario e data da celebración das sesións plenarias de carácter ordinario.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, celebrada o 25 de xaneiro de 2022 que se reproduce a continuación:

“2. Proposta de ditame sobre modificación do horario e data da celebración das sesións plenarias de carácter ordinario.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Modificación do horario e data de celebración das sesións plenarias de carácter ordinario. Exp.2022/X999/000022.

A determinación do réxime de sesións do Pleno regúlase no artigo 78 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 41 do RDLex 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local, TRRL, limitándose o primeiro a sinalar que a periodicidade das sesións fixarase polo propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria que deberá convocar o Alcalde da corporación dentro do prazo de 30 días dende a sesión constitutiva e, o segundo, que os días das sesións ordinarias serán fixados pola corporación.

A asistencia ás sesións plenarias constitúe para os concelleiros un deber inexcusable de carácter público e persoal, tanto no artigo 37.3.d) do RDLex. 2/2015 de 23 de outubro polo que regula o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, como o artigo 30.2 da Lei 30/1984, de 2 de agosto 1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, permitelles ausentarse do traballo para cumprir con dito deber polo tempo indispensable para o desempeño do cargo, entendéndose como tal, según dispón o artigo 75.6 da LBRL, o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación ou das Comisións e atención ás delegacións de que forme parte.

Polo tanto, correspóndelle ao Pleno da Corporación a fixación da periodicidade das sesións mais non o horario que sería atribución da Alcaldía, se ben é razoable que se estableza por razóns de regularidade e previsión a efectos da organización do ámbito persoal de cada concelleiro. En todo caso, no pleno extraordinario celebrado o 8 de xullo de 2019 adoptouse acordo no que se fixaba sen motivación algunha o horario de celebración do Pleno ordinario ás 20:00.

Posteriormente por acordo adoptado na sesión plenaria de data 31 de xullo de 2020, modificouse provisionalmente o horario da celebración das sesións ordinarias do pleno do concello, establécendose a data e hora de celebración dos mesmos, o último venres de mes ás 09:00 h, pola situación coxuntural



derivada da pandemia da COVID 19, que se ve retraída nas datas actuais dende o punto de vista de internamento hospitalario.

Tendo en conta que ditos acordos, non son inmutables xa que estamos ante a esfera autoorganizativa como potestade desta administración.

Así como o consensuado na reunión da xunta de voceiros dos grupos políticos municipais, celebrada o día 19 de xaneiro de 2022, no que se consensou celebrar as sesións ordinarias do Pleno da Corporación o último luns de cada mes, ás 20:00 horas.

Visto o establecido no art. 46.1 da LBRL, nos arts 38 e 78 do ROF e correlativos da Lei 5/1997.

Visto canto antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión informativa de asuntos xerais:

PRIMEIRO.- Modificar a data e hora de celebración das sesións plenarias de carácter ordinario, pasando a celebrarse ás 20:00 horas do último luns de cada mes de conformidade co consensuado na xunta de voceiros.

Por razóns debidamente motivadas e previo consenso da Xunta de voceiros, poderase alterar sete días naturais a data da celebración sen incorrer en arbitrariedade ou desviación de poder.

SEGUNDO.- Este acordo comezará a producir efectos a partir do pleno ordinario do mes de marzo, que será o último luns do referido mes, ás 20:00 h.

TERCEIRO.- Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no taboleiro de edictos e no portal de transparencia.

O que asino, en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Asuntos Xerais, por unanimidade dos seus membros, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.”

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe da alcaldesa.

Visto e praxe
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez